



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local  
Expte. 1503/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 4 de XULLO de 2023 (1503/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e corenta e cinco minutos do día catro de xullo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(532).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de

Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(533).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO ARTISTA "ALEJANDRO SANZ". EXPTE. 9693/335.**

Visto INFORME-PROPOSTA de data 4.07.2023, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal fiscalizado na mesma data que literalmente di

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Alejandro Sanz" dentro do "Programa de espectáculos de verán de Vigo en Festas 2023" (PCAP)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "ALEJANDRO SANZ" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023".*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 12 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas*



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local  
Expte. 1503/1102

*administrativas particulares do 30 de xuño de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 611.050,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 505.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** O 3 de xullo de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a YMAX PRODUCCIONES, S.L.

**Terceiro.-** O 3 de xullo de 2023 YMAX PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 3 de xullo de 2023, reúnense a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como responsable do contrato, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal. Dado que o licitador presentou un Anexo II co apartado d) “*Tratamento de datos persoais: subcontratación servidores*” sen cumprimentar, faltaba o CIF da licitadora e non presenta suficiente solvencia económica e financeira nin técnica e profesional requiriúselle para que o emendarse.

YMAX PRODUCCIONES, S.L. presentou a documentación requirida o día 4 de xullo de 2023. Asemade, en vista da documentación presentada, a Secretaria do Goberno local emitiu certificado de data 4 de xullo de 2023 de acreditación da solvencia técnica do licitador pola execución en 2022 da actuación artística, rider e catering para o concerto de Joan Manuel Serrat (9231-335) por un prezo total de 122.210,00 euros.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración*”.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e b do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador, porque se achegou ao expediente de oficio ou porque formaba parte doutro expediente (9691-335), e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de YMAX PRODUCCIONES, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, YMAX PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local  
Expte. 1503/1102

vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas do 3 e 4 de xullo de 2023 de apertura dos sobres A e B, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a YMAX PRODUCCIONES, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "Alejandro Sanz" dentro do "Programa de espectáculos de verán de Vigo en Festas 2023" por un prezo total de 611.050,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 106.050,00 euros”.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(534).- 3.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA CONCELLEIRA DE DELEGADOS DE ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA. EXPTE. 1483/1102.**

Dáse conta do informe-proposta do 04/07/2023, asinado pola Secretaria do Goberno local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Dito marco normativo distingue unha especial estrutura de goberno para este tipo de Concellos, atribuíndo á Xunta de Goberno Local, fronte aos de réxime

común, a natureza de órgano colexiado executivo que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei 7/85, do 2 de abril das bases de réxime local (LRBRL), e calquera outras que lle sexan delegadas. A dita atribución normativa deriva na asignación dun relevante núcleo de competencias propias recollido no artigo 127 LRBRL, cun claro impacto na xestión diaria dos asuntos de interese municipal.

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, fan aconsellable delegar en órganos de xestión unipersonal unha serie de competencias en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO**.-Delegar na **concelleira de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda** as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local -que exercerán xunto coas atribucións conferidas para todos os concelleiros/as de Área de Goberno por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 e das recibidas por delegación como órgano da Xerencia Municipal de Urbanismo- no ámbito da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido:

#### **I.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA.-**

1. Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas á concesión de títulos habilitantes de natureza urbanística ou para o exercicio de actividades (licenzas, comunicacións previas ou declaracións responsables), agás as que lle puideran corresponder á outras Concellerías de Área de Goberno en materia de espectáculos públicos e de actividades recreativas de carácter extraordinario ou as que supoñen ocupación do dominio público.
2. A concesión de licenzas e autorizacións, de toda clase, dentro do seu ámbito material de competencias del organismo.
3. A xestión, en colaboración co resto de departamentos do Concello de Vigo, das vivendas que son propiedade do Concello de Vigo. O impulso de medidas de acceso á vivenda a prezo taxado, análise do mercado da vivenda e a súa evolución. O establecemento e xestión de programas e actuacións que contribúan e prioricen a rehabilitación de vivendas e a rexeneración urbana, así como a mellora da eficiencia enerxética.



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local  
Expte. 1503/1102

4. A concesión de subvencións, tanto en réxime de concorrencia competitiva como no de concesión directa e, dentro destas, tanto aquelas en as que o procedemento termine coa resolución de concesión como as que se instrumenten a través dun convenio. A delegación comprende a aprobación da convocatoria nas subvencións en réxime de concorrencia competitiva; a aprobación da resolución ou convenio nas subvencións de concesión directa; a aprobación e compromiso do gasto; a comprobación da xustificación da subvención; a incoación, instrución e resolución do procedemento de reintegro; así como todos os demais actos do procedemento de xestión para os que a normativa reguladora esixa acordo ou resolución do órgano concedente da subvención, incluídos os relativos á resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra devanditos a actos.
5. Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.

**SEGUNDO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**CUARTO.-** As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

**QUINTO-** O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

**SEXTO.-** A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a

solicitud de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

**SÉTIMO-** Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

**OITAVO.-** Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**NOVENO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO .-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez